



**Plan de Acción Sindical 2019-2023
do Sindicato Nacional de Ensino Privado
de Galicia**

1. ESTRUCTURA

Resulta evidente que un sindicato no seu nacemento e cos escasos medios de que dispoñemos non pode dotarse da estrutura desexable para o desenvolvemento do seu labor.

Pero dentro das nosas limitacións resulta imprescindible crear Sectores de Convenio naqueles que teñamos a presenza, afiliación e representación necesarias.

Así pois, tendo en conta o antedito, deberíamos dotarnos dun Sector de Ensino Concertado e dun Sector de Educación Infantil, que deberían estar representados na Executiva. O noso próximo obxectivo sería constituír o Sector Sindical de Atención á Discapacidade. Por suposto, a medio prazo deberemos tratar de constituír o Sector de Ensino Privado Non Concertado, sen esquecer os outros convenios que tamén están dentro do noso ámbito: Universidades Privadas, Autoescolas, Ensinanza non regrada, etc.

Pero a realidade dinos que o *Convenio Colectivo de empresas de ensino privado sostidas total ou parcialmente con fondos públicos* é, sen dúbida, o que nos pode proporcionar maior representación e tamén ofrecer a posibilidade de alcanzar unha liberación que nos permita desenvolver con máis eficacia o noso labor, polo que este Convenio debe ser para nós de atención prioritaria.

O Convenio colectivo de centros e servizos de atención a persoas con discapacidade tamén merece a nosa adicación e esforzos polo volume de traballadores e porque tamén dentro de seu ámbito hai centros concertados cuxos delegados se computan á hora de obter liberacións.

2. AFILIACIÓN E REPRESENTACIÓN

Nun sindicato tan novo como o noso non cabe dúbida que o obxectivo prioritario debe ser medrar en afiliación, pois esta é e será a única fonte de ingresos que teremos e sen o apoio económico dun número mínimo de cotas as nosas limitacións materiais poden resultar abafantes. Necesitamos acadar no máis breve espazo de tempo os cen afiliados e marcarnos o obxectivo de ter duplicado este número no 2023.

A representación tamén é fundamental pois será a que nos permita acadar a visibilidade imprescindible e acceder ás mesas de negociación ademais de obter a devandita liberación, o que suporía ter unha persoa adicada a xornada completa á visita de centros para trasladar o noso apoio e as nosas propostas aos traballadores e traballadoras.

3. COMUNICACIÓN INTERNA E EXTERNA

Nun sindicato tan pequeno unha posible vantaxe podería ser a fluidez da comunicación entre os afiliados e a estrutura do sindicato mais unha desvantaxe non desprezable é a carencia dun permantente sindical que poida visitar nos centros de traballo aos nosos afiliados e traballadores en xeral.

Así pois a comunicación telemática debe ser especialmente intensa e, polo tanto, a Secretaría de Comunicación debe realizar un traballo ben planificado e organizado e apoiado polo conxunto da organización. A Secretaría de Comunicación realizará o seu labor sempre baixo a supervisión directa da Secretaría Xeral.

3.1 Comunicación interna

Damos por suposto que entre os membros da Executiva, á marxe das reunións que manteña, deberá haber unha comunicación intensa, informando todos os membros da mesma ao Secretario Xeral de toda decisión relevante.

A comunicación relevante farase sempre a través de correo electrónico. O WhatsApp e outros medios poden servir para a comunicación non relevante pero nunca para informar de asuntos importantes.

Cando así o crea conveniente o Secretario Xeral informará aos membros dos demais órganos do Sindicato das decisións tomadas pola executiva a través dunha Circular. Cando as decisións adoptadas afecten á liña de acción sindical o Secretario Xeral comunicará aos afiliados ditas decisión mediante unha Carta-Circular.

Nas circulares e demais documentos de uso interno empregárase o Logo Principal Color.

3.2 Comunicación externa

A Secretaría de Comunicación elaborará boletíns informativos co fin de trasladar aos afiliados e traballadores en xeral a información referida ao conxunto dos traballadores (lexislación laboral) e a referida ao seu Sector (Convenio e Acordos).

O boletín informativo levará por nome **Verbas claras** en letras grandes e en letras máis pequenas lerase *Boletín Informativo SNEP de Galicia* o número do mesmo e a data. Na parte superior esquerda figurara o Logo Principal Color e ao pé de páxina figurará o lema que a Secretaría de Comunicación considere oportuno segundo as circunstancias (na actualidade *A información para todas e todos*).

A Secretaría de Comunicación fará chegar o boletín Verbas claras á afiliación e/ou traballadores (segundo se considere oportuno) a través do correo electrónico.

A Secretaría de Comunicación encargárase de actualizar os correos electrónicos que organizará en diversas listas: dos distintos órganos do sindicato, dos delegados sindicais, dos representantes de centro, dos afiliados e dos traballadores en xeral. Os correos dos delegados sindicais, representantes de centro, afiliados e traballadores en xeral estarán seleccionados en listas por Sector e centro de traballo para enviar a información que corresponda co fin de evitar saturar aos destinatarios con información que non sexa do seu interese.

O boletín Verbas claras, sempre e cando o dispoña así a Secretaría de Comunicación, será subido á páxina de Facebook SNEP Concertada e ao blog de SNEP de Galicia. A medio prazo substituirase a páxina de SNEP Concertada por outra que debe chamarse SNEP de Galicia, sen máis especificación. Levarase a cabo a substitución cando a Secretaría de Comunicación considere que se pode garantir un alcance equivalente ao que nos proporciona na actualidade SNEP Concertada.

Para asuntos de especial importancia a Secretaría de Comunicación realizará comunicados de prensa cun formato aínda por concretar pero que sempre contará coa presenza do Logo Principal Color na esquerda da súa cabeceira.

Cando un tema sexa de gran importancia a Secretaría de Comunicación organizará roldas de prensa na que estarán presentes o Secretario do Sector afectado e o Secretario Xeral, se así o considera oportuno, sempre acompañados pola Secretario de Comunicación

Para transmitir información a outras organización sindicais, empresariais, ou ben á administración, empregaráse un documento no que figura á esquerda da súa cabeceira o Logo Principal Color.

O boletín Verbas Claras poderá transmitirse tamén por WhatsApp mediante listas de difusión creadas cos mesmos criterios citados que os empregados para a creación de listas de correo electrónico.

Debe terse en conta que para formar un grupo de WhatsApp cómpre ter a autorización de cada un dos seus membros.

O galego, lingua vehicular.

O galego debe ser a lingua vehicular da Secretaría de Comunicación e do conxunto da nosa organización. Todos os documentos e mensaxes redactaranse en galego salvo que nalgún caso excepcional se considere conveniente empregar outra lingua. Isto non será impedimento para que calquera afiliado ou traballador se poida dirixir a esta organización noutra lingua, especialmente o castelán.

4. REIVINDICACIÓNS E ACCIÓN SINDICAL

As nosas reivindicacións non serán outras que as destinadas a mellorar as condicións laborais das traballadoras do ensino privado de Galicia.

É intención vocacional de SNEP de Galicia non facer outra política que a sindical, polo que somentes faremos críticas explícitas a aqueles aspectos das leis educativas que afecten directamente ás condicións laborais dos traballadores do ensino privado de Galicia.

Ensino Concertado

Dado que na actualidade as competencias educativas están transferidas a Administración autonómica, dado que a mellora salarial só é posible mediante a negociación de incrementos no Complemento Retributivo da Comunidade Autónoma (CRCA), dado que os módulos de concertos autonómicos son os mesmos que os aprobados polo goberno central coa única diferenza do citado CRCA, dado que en Galicia existe unha patronal perfectamente organizada coa que poder negociar, dado que existe unha Comisión Tripartita de Ensino Privado Concertado (CTEPC) na que figura a citada patronal, a Administración educativa e as organizacións sindicais con representación no ensino concertado

SNEP de Galicia loitará por

- A conversión da citada CTEPC nunha Mesa Sectorial de Ensino Concertado (MSEC), semellante á existente para o ensino público e equivalente á estatal para o ensino privado concertado
- A creación dun Convenio Colectivo Galego para centros sostidos total ou parcialmente con fondos públicos.

Ademais SNEP de Galicia loitará por:

- A reversión dos recortes económicos sufridos polos traballadores do ensino privado concertado e a mellora das súas condicións laborais, especialmente pola

clarificación e redución da xornada a 23 horas lectivas nun primeiro paso, ata chegar a un máximo de 20 horas lectivas para todos os docentes.

- Un Acordo de Mantemento de Emprego que permita recolocar a todas as traballadoras que perdan o seu posto de traballo pola perda de unidades concertadas.
- Un Acordo de Aboamento de Paga Extraordinaria por Antigüidade na empresa (PEA). Cómpre lembrar que desde o ano 2012 a Administración escatima o aboamento da PEA polo simple e eficaz medio de establecer nos Orzamentos Xerais que non se habilitarán partidas para o pagamento da mesma.
- A negociación directa coa Administración educativa para mellorar as condicións económicas dos docentes co fin de romper a dinámica actual de aplicación dos incrementos (ou máis ben recortes) establecidos para o ensino público dunha forma mecánica e automática que nos manterá sempre por detrás dos nosos homólogos da pública, imposibilitando a equiparación salarial. Para isto e mentres non se consiga a conversión da CTEPC na MSEC cómpre establecer un novo regulamento co fin de que a CTEPC se convirta nun auténtico órgano de negociación.
- Reivindicar o concerto para o Baharelato, a lo menos naqueles centros que xa se está a impartir esta etapa educativa de forma privada na actualidade, o que axudaría a consolidar postos de traballo nestes centros e a mellorar notablemente moitos dos salarios dos traballadores deste nivel educativo

Educación Infantil e Discapacidade

No *Convenio Colectivo de ámbito estatal de Centros de Asistencia e Educación Infantil* e no *Convenio Colectivo de Centros e servizos de atención a persoas con discapacidade* as traballadoras están a padecer unhas condicións laborais aínda peores que no convenio de concertada. Ambos convenios moi feminizados. Polo tanto, a loita pola mellora das condicións laborais destas traballadoras convértese en verdade nunha loita pola procura da igualdade de muller no ámbito laboral. É, pois, neste difícil traballo sindical onde máis se pode e debe facer pola igualdade real da muller. Conseguir un salario digno e xusto e unha redución da xornada laboral para estas traballadoras, que lles permita a independencia real respecto das súas familias e/ou parellas, é a auténtica loita de aqueles que persigan a igualdade da muller e o seu emponderamento na nosa sociedade. Evidentemente isto non é impedimento para que nos manifestemos contra a violencia machista e participemos como sindicato en aqueles actos que fagan visible a loita das mulleres pola igualdade, sempre que os consideremos coherentes coa nosa liña sindical.

Fortalecer e incrementar, polo tanto, a nosa presenza no Sector de Educación Infantil é un obxectivo que debe ser prioritario para a nosa organización. O mesmo podería dicirse do Sector de Discapacidade, aínda que aquí está todo por facer.

Dado que neste Sector os sindicatos CCOO e UGT a nivel estatal acaparan o 99% da representación, deberíamos loitar por un Convenio Colectivo Galego. Se SNEP de Galicia consegue penetrar neste Sector sería posible conseguilo, pois a CIG, o sindicato que ten máis representación na nosa comunidade, tamén pretende un Convenio Colectivo Galego. O que debemos ter claro é que mentres CCOO e UGT ostenten esa inmensa maioría as traballadoras non mellorarán significativamente as súas condicións laborais. CCOO desde hai moitos anos é un sindicato afín á patronal e desde hai un par de anos UGT está asumindo de forma acrítica as formulacións de CCOO (véxase a plataforma conxunta).

ELECCIÓN

O nacemento da nosa organización produciuse en pleno proceso electoral, polo que, colleunos sen a estrutura ben formada e asentada. Non obstante, a pesar de todas as dificultades derivadas deste feito e habida conta de que xa conseguimos 5 delegados no Sector do Ensino Concertado, deberíamos marcarnos como obxectivo obter, como mínimo, 30 delegados neste Sector, o que nos permitiría estar preto doutras forzas sindicais como USO e CIG e aspirar a obter unha liberación.

No Sector de Educación Infantil o noso obxectivo é obter 2 ou 3 delegados.

De conseguir esta base representativa poderemos empezar a ter presenza e influencia no ensino privado en Galicia.